

# ESTUDO SOBRE A VIOLENCIA E O ACOSO SEXUAL NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte

Oficina para a Igualdade de Xénero



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



## **Estudo sobre a violencia e acoso sexual na Universidade da Coruña**

Autoras: López Villar, Cristina; Abad López, María José; Neira Pena, Ana María

Equipo técnico da investigación: EDESGA

A Coruña, 2022

Universidade da Coruña. Servizo de Publicacións

N.º de páxinas: 53

29,7 x 21 cm.

Índice: p. 3

Depósito legal: C 89-2022

eISBN: 978-84-9749-830-2

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498302>

Edición: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións <[http://www .udc.gal/publicacions](http://www.udc.gal/publicacions)>

© da edición, Universidade da Coruña

Maquetación: Nerea Leiras Rodríguez

Revisión de textos: Servizo de normalización lingüística da UDC

Distribución: <<https://www.udc.gal/es/publicacions/distribucion>>



Esta obra publícase baixo unha licenza Creative Commons, Atribución-NoComercial- Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0)



# ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>5</b>
1. MARCO TEÓRICO.....	5
2. OBXECTIVOS DO ESTUDO .....	8
3. MARCO METODOLÓXICO .....	8
4. FICHA TÉCNICA DA ENQUISA .....	11
<b>ESTUDO PRINCIPAL</b> .....	<b>15</b>
1. PERCEPCIÓN SOBRE O ACOSO SEXUAL.....	15
1.1. Ideas e percepcións sobre o acoso.....	15
1.2. Que é o acoso sexual? .....	18
2. O CONTORNO DA UDC.....	20
3. O ACOSO NA UDC .....	24
3.1. Casos e/ou situacións que se contan .....	24
3.2. Testemuñas directas.....	27
3.3. En primeira persoa .....	33
4. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS DO ESTUDO CUANTITATIVO .....	45
<b>ESTUDO COMPLEMENTARIO</b> .....	<b>47</b>
INTRODUCCIÓN.....	47
RESUMO DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS.....	47
<b>PROPOSTAS PARA A PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN SITUACIÓNS DE VIOLENCIA E ACOSO SEXUAL NA UDC</b> .....	<b>50</b>
<b>FONTES</b> .....	<b>52</b>





## INTRODUCCIÓN

A Oficina para a Igualdade de Xénero, adscrita á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, foi creada na sesión do Consello de Goberno do 14 de decembro de 2006, polo que leva en funcionamento desde o día 10 de marzo de 2007.

A UDC adiantouse á obriga imposta pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, en cuxa disposición adicional duodécima, baixo a rúbrica “Unidades de igualdade”, se sinalaba que:

As universidades contarán entre as súas estruturas de organización con unidades de igualdade para o desenvolvemento das funcións relacionadas co principio de igualdade entre mulleres e homes.

Desde a súa creación, a Oficina leva desenvolvendo diferentes iniciativas para cumprir coas súas funcións, entre elas a de sensibilizar e actuar sobre situacións de violencia e acoso sexista. Este documento presenta unha primeira aproximación á dita problemática no contexto da Universidade da Coruña. Preténdese, así, iniciar un novo camiño que reforce outras iniciativas que xa se estaban levando a cabo e xustifica a necesidade do protocolo de acoso que se elaborou no marco do I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade da Coruña 2013-2017.

### 1. MARCO TEÓRICO

Cómpre, antes de mais, facer unha breve introdución teórica ao concepto de *acoso sexual* para saber de que estamos a falar e como é que se chega a este tipo de estudos.

Así, o interese investigador sobre a cuestión do acoso sexual nos ámbitos de traballo ten a súa orixe nos estudos da xurista e activista feminista Catharine MacKinnon, que no ano 1979 publicaba nos Estados Unidos a súa obra *Sexual Harassment of Working Women*, o cal supuxo o primeiro fito do termo "acoso sexual". Este chegaría a Europa algúns anos máis tarde, cando comezou a súa aplicación en casos de discriminación sexual, a finais da década dos oitenta. O termo gañou co tempo o recoñecemento da problemática denunciada, mais non tanto a claridade respecto das condutas que poden chegar a ser tipificadas ou mesmo socialmente definidas como acoso sexual. A isto agrégase, ademais, a dificultade que supón casar o relato ou a construción social sobre o acoso sexual, os establecementos xurídicos ao respecto e as lexítimas críticas que, dende o movemento feminista, xorden respecto ás definicións xurdidas dende estes dous ámbitos da sociedade.

Aínda coas dificultades que supón facer operativo o coñecemento e o estudo do fenómeno, a súa prevalencia foi recoñecida moi cedo e continúa a ser recoñecida na actualidade. No ámbito europeo, enquisas levadas a cabo pola UE sinalan que entre o 40% e o 50% das mulleres sufriron algunha forma de acoso ou comportamentos sexuais non desexados no lugar de traballo (ONU, 2006), e no caso do Estado español, estudos como os de Pernas, Olza e Román (2000) amosan que máis do 18% das mulleres sufrira algunha situación de acoso sexual no traballo durante a súa vida laboral. Estudos máis recentes, como o do Instituto da Muller de 2006, confirmaron a prevalencia do fenómeno, e case un 15% das mulleres de entre 16 e 64 anos indicou ter vivido unha situación de acoso sexual no último ano. Por enriba disto, as novas tecnoloxías da información e da comunicación representan outro ámbito de risco e de exposición a este tipo de condutas. Segundo un estudo de 2014 da UE, 1 de cada 10 mulleres do continente sufriu algún tipo de ciberacoso dende os 15 anos, un risco que é moito maior entre os 18 e os 29 anos.

Por máis que as tipoloxías e características do acoso no ámbito de traballo e no ámbito universitario comportan diferenzas, comparten entre si non só a prevalencia, senón tamén aspectos estruturais do fenómeno, como a incidencia da xerarquía ou o uso da chantaxe sexual ou emocional. No Estado español leváronse a cabo diversos estudos de diferentes escalas deste fenómeno no ámbito universitario. No estudo de Valls, do ano 2008, distribuíuse unha enquisa en seis universidades en que se preguntaba pola incidencia de diversas formas de violencia sexual: un 15% indicou ter sentido incomodidade ou medo por causa de comentarios ou comunicacións físicas ou virtuais.

O estudo, algo máis recente, de Pereda, Forns e Abad, de 2013, resultou nunha porcentaxe próxima ao 15% de mulleres que afirmaron ter sufrido algún tipo de acoso sexual. Pola súa banda, o estudo levado a cabo na Universidade Complutense de Madrid, no 2018, o máis numeroso ata a data (con máis de 21.000 participantes) rexistrou ata un 8% das mulleres que consideraba ter sufrido acoso sexual na súa universidade algunha vez; unha porcentaxe que crece ata case o 60% ao referirse ao acoso fóra da universidade. Finalmente, e especificamente para o caso galego, contamos co estudo de López-Cabarcos, Picón-Prado e Vázquez-Rodríguez, do ano 2008, centrado no acoso laboral no ámbito universitario, pero referido ao PAS, onde atoparon que case un 12% das mulleres se consideraban sexualmente acosadas no seu ámbito de traballo.

Unha vez coñecido o estado da cuestión ao nivel das investigacións sobre a prevalencia do fenómeno, cómpre traer algunhas definicións que permitan coñecelo cun maior detalle e contextualizar dun xeito máis comprensivo o que estamos a explorar no noso estudo.

Segundo a directiva da UE 2002/73/EC, o acoso sexual queda definido como "calquera forma de conduta non desexada, sexa verbal, non verbal ou física, de natureza sexual, co propósito ou efecto de violar a dignidade dunha persoa e, en particular, de crear un ambiente intimidante, hostil, degradante, humillante ou ofensivo". No Estado español vén regulado polo artigo 184 do Código penal, que o define como "a solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro, no ámbito dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos, continuada ou

habitual, e con tal comportamento que provoque na vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante". Por último, a Organización Internacional do Traballo (OIT) definiu no ano 2007 dúas formas en que pode manifestarse o acoso sexual

- A chamada de *quid pro quo*, en que a conduta inapropiada se xustifica no intercambio de favores de mellora (salarial, xerárquica ou mesmo a continuidade no traballo).
- Os ámbitos hostís en que a conduta inapropiada produce as condicións para un ambiente humillante ou intimidante para a vítima.

En definitiva, trátase de todas aquelas condutas, físicas ou non, verbais ou non verbais, e virtuais ou presenciais, de natureza sexual, non desexadas nin recíprocas, que atentan contra a dignidade dunha persoa e que provocan un ambiente humillante, incómodo ou hostil para a vítima, cos efectos que isto trae aparelado a nivel psicosocial e/ou profesional. Porén, a claridade con que pode comprenderse o fenómeno e os seus compoñentes contrasta coa dificultade para xerar un consenso nas nosas sociedades ao respecto. Un exemplo claro, neste senso, é o "humor" de natureza sexual ou sexista, estendido e medianamente aceptado como correcto a nivel social, pero que constitúe un claro exemplo de discriminación sexista e, en moitos casos, úsase como elemento de acoso. Nesta liña, contrasta tamén a obxectividade das definicións formais-legais ou académicas, co criterio case subxectivo que parece tomarse como base na definición social do que é ou pode ser considerado como acoso sexual.

Fenómenos recentes como o *#metoo* ou, no ámbito español, o caso denominado como "da manada", entre outros, poñen de manifesto o debate e a sensibilidade social crecente e a urxencia por establecer criterios máis firmes e obxectivos para configurar unha sociedade libre e segura independentemente do xénero ou á orientación sexual. Neste debate é crucial contar con estudos o máis amplos e exhaustivos que sexa posible para testar estas definicións sociais e mesmo contribuír a outorgar unha maior estabilidade aos elementos que configuran o fenómeno e as condutas que conforman o acoso sexual.

No caso do ámbito universitario, os estudos seguen a atopar datos preocupantes. Neste sentido cómpre destacar dous aspectos da problemática: a prevalencia dos casos de acoso sexual e o desenvolvemento de ferramentas efectivas de prevención e loita contra estas condutas.

A UDC conta dende o ano 2006 coa Oficina para a Igualdade de Xénero e asume os obxectivos necesarios na loita pola igualdade e contra as condutas que atentan contra a liberdade e a dignidade das persoas. Parte importante desta loita constitúena os plans de igualdade aprobados dende aquela, e asemade o Protocolo fronte ao acoso sexual que establece as canles de actuación ante este tipo de situacións. Pero tamén, dende entón, a OIX promoveu diversos estudos encamiñados á promoción da igualdade. O estudo que agora estamos a presentar é un dos máis ambiciosos ata a data e aborda dun xeito directo os dous aspectos da problemática que sinalamos máis arriba. Será a partir do coñecemento polo miúdo da prevalencia do acoso cando se poderán deseñar as campañas contra esta situación cunha maior precisión ou mesmo abordar as reformas normativas encamiñadas a garantir que a UDC sexa un espazo seguro e libre de todo tipo de violencias sexuais e/ou machistas.

## 2. OBXECTIVOS DO ESTUDO

O presente estudo céntrase nos diferentes tipos de acoso que poden darse no ámbito universitario: acoso sexual, sexista ou de xénero, acoso por orientación sexual e por identidade ou expresión de xénero. Para coñecer polo miúdo esta situación empregouse unha enquisa e fixéronse grupos de discusión. O obxectivo xeral do estudo é coñecer a prevalencia e as características do acoso no ámbito universitario. Como obxectivos específicos, sinálanse tamén:

- Identificar as formas máis habituais de resolución e xestión en casos ou situacións de acoso.
- Afondar nas percepcións sobre o fenómeno e a capacidade de recoñecemento do acoso e da violencia sexista ou baseada no xénero, na identidade de xénero ou na orientación sexual.
- Coñecer as consecuencias sufridas polas vítimas nas situacións de acoso.
- Caracterizar a influencia da organización universitaria e os seus protocolos na proliferación e xestión das situacións de acoso.
- Definir o grao de coñecemento do *Protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero na UDC*, o Plan de igualdade entre mulleres e homes e as unidades de representación e defensa da igualdade de xénero con que conta a UDC.
- Identificacar e percibir UDC como un contorno libre e seguro fronte ao acoso sexual.
- Caracterizar as variables sociodemográficas de control que poidan axudar a explicar as diferentes dimensións do estudo.

O traballo de campo levouse a cabo no curso académico 2020-2021 e dirixiuse a toda a comunidade universitaria, alumnado, persoal da administración e servizos (PAS) e persoal docente (PDI).

## 3. MARCO METODOLÓXICO

Tivéronse en conta diversos estudos realizados noutros ámbitos universitarios sobre o acoso sexual, para aproveitar a súa experiencia e procurar unha certa comparabilidade á hora de afrontar a nosa análise e contextualizar mellor a situación atopada na UDC. Ademais, debido a que o estudo non só trata de recoller a situación do alumnado, senón tamén do resto do persoal que constitúe a UDC, tamén tivemos en conta outros estudos sobre acoso sexual no ámbito laboral, para complementar a abordaxe do fenómeno dende este aspecto.

No referido ao estudantado e ao ámbito especificamente universitario, partiuse especialmente do estudo do Instituto da Muller dirixido no 2009 por Bosch Fiol, no que se aplica a escala EASIS-U, unha escala de 38 ítems deseñada para medir a interacción social de contido sexual no ámbito da universidade española. Esta escala recolle diversas condutas para que as persoas poidan clasificalas segundo as consideren acoso sexual, outros delitos, ou condutas correctas e



esperables entre persoas adultas. Aínda que consideramos que a escala ten interese por si mesma, no noso caso, porén, non nos permitía cumprir con todos os obxectivos do actual estudo, polo que aproveitamos algúns dos seus ítems para inquirir sobre as condutas sufridas. Por outra banda, a EASIS-U tamén quedou lixeiramente obsoleta, posto que non recolle ningún tipo de conduta vinculado ás novas tecnoloxías e/ou ao ciberacoso, un aspecto ao que lle quixemos dar importancia dada a súa reducida visibilidade e ao efecto que isto pode chegar a alcanzar en termos de recoñecemento social daquelas e, por suposto, debido á súa prevalencia crecente. Tamén constitúe un elemento de innovación no marco dos estudos sobre o acoso sexual na universidade, xa que ningún dos estudos analizados e realizados previamente no Estado español recolle preguntas sobre este tipo específico de violencia sexual.

O estudo levado a cabo no ano 2018 na UCM (*Estudio sobre el acoso sexual, acoso sexista, acoso por orientación sexual y acoso por identidad y expresión de género en la Universidad Complutense de Madrid*) tamén foi moi importante no noso deseño, debido ao seu alcance e obxectivos, semellantes en boa medida aos previstos neste proxecto. Especialmente, porque este estudo aborda a cuestión do acoso sexual nun senso integral, considerando todos os colectivos que conforman a universidade. Por outra banda, o seu cuestionario, aínda que moito máis extenso que o empregado para o estudo da poboación da UDC, non amosa grandes variacións respecto dos outros cuestionarios para estes mesmos obxectivos no ámbito español, e por iso centrámonos especialmente nas diferenzas entre os cuestionarios de PDI e PAS respecto dos do alumnado.

Finalmente, tamén nos baseamos na enquisa utilizada na Universidade de Harvard, no seu estudo do 2019 (*Report on the AAU Campus Climate Survey on Sexual Assault and Misconduct*), distribuído unicamente entre o alumnado. Fundamentalmente tivémolo moi en conta pola caracterización das posibles reaccións ante situacións de acoso e mais pola súa estratexia e orde lóxica, dada a complexidade psicossocial do tema de estudo. Por outra banda, o feito de que fose un cuestionario masivo, parello ao do estudo da UCM, tamén salienta aspectos que cómpre considerar en termos de estratexias de captación e no deseño dun cuestionario que teña un índice de abandono o máis baixo posible.

No deseño dos cuestionarios de PAS e PDI partimos do interese comparativo das súas respostas coas do alumnado, procurando contrastar as súas percepcións e reaccións ante o fenómeno (alén da prevalencia, que é o que vertebra o estudo). Ademais diso, tivemos en consideración outros estudos enfocados á exploración desta problemática en ámbitos de traballo, non necesariamente vinculados coa universidade. No que atinxe ao cuestionario, tivemos en conta a enquisa da Unión Europea sobre as condicións de traballo (EWCS), xa que posúe unha traxectoria de máis de 30 anos e serviu para detectar aspectos relacionados co acoso sexual ou co *mobbing* laboral no continente.

Ademais, tamén consideramos o estudo e a enquisa da Fundación Europea de Estudos Progresistas en conxunto coa Fundación Jean Jaures, do 2019, sobre sexismo e acoso sexual no lugar de traballo (*European Observatory on Sexism and Sexual Harassment at Work*), realizado

a máis de 5.000 mulleres de cinco países da UE. Resultou, fundamentalmente, unha referencia para o noso estudo debido á súa especialización no ámbito laboral e porque tamén comparte unha metodoloxía de enquisa auto-administrada e en liña (*online*), e por iso tivemos en conta o tipo de estratexias e deseño aplicado para garantir unha taxa de resposta tan alta.

Unha vez consideradas estas fontes principais, comézase co deseño dos cuestionarios e defínese un cuestionario dividido nos seguintes catro bloques:

1. Identificación e percepción sobre o acoso sexual
  - Consiste na valoración do grao de acordo respecto dunha serie de afirmacións vinculadas coa temática do estudo.
2. O papel da UDC
  - Recolle preguntas sobre as ferramentas da UDC na loita contra o acoso sexual e, en xeral, contra a discriminación de xénero, o seu coñecemento e valoración, así como a percepción da universidade como contorno seguro.
3. Coñecemento de casos e/ou experiencias de acoso sexual
  - Comprende as preguntas que constitúen o núcleo da enquisa, xa que están destinadas a recoller o coñecemento, experiencias, reaccións e efectos dos casos de acoso sexual. A partir deste bloque establécense, en conxunto coas variables de clasificación, as características da prevalencia do acoso na UDC.
4. Clasificación
  - Trátase do bloque final, con diversas preguntas que permiten obter as características das persoas enquisadas a partir das cales se realizarán os cruzamentos estatísticos para caracterizar a prevalencia do acoso, pero tamén para explorar polo miúdo as percepcións sobre o fenómeno.

Como xa sinalamos, a principal diferenza entre as enquisas do estudantado e do PDI e PAS son as preguntas máis estreitamente relacionadas co ambiente laboral. Inclúense non só para diferenciar os colectivos da poboación da UDC, senón para aproveitala como variable de cruzamento na análise da prevalencia do acoso, para detectar e/ou definir con maior precisión as características do ambiente de traballo que contribúen á percepción da UDC como contorno seguro, entre outras posibilidades de análise.

Os cuestionarios foron implementados a través dunha aplicación electrónica e enviados de xeito masivo á comunidade universitaria. Enviáronse, tamén, varios recordatorios para garantir un número suficiente de respostas.

Rematada a enquisa, continuouse co depurado da base de datos resultante, a partir da cal se leva a cabo a análise de datos mediante a análise estatística de frecuencias, estatísticos descritivos, táboas bivariadas etc. A partir deste punto, procédese á análise detallada dos resultados, que supoñen a base sobre a que se elabora o presente estudo.

Para complementar a información da enquisa realizáronse grupos de discusión a través dun chamamento á comunidade para participar de forma voluntaria. Así, realizáronse tres grupos de discusión, un de alumnas, outro de alumnos e un de PDI mixto (non se presentou suficiente

xente para crear un grupo de discusión con PAS). Para a análise do discurso das gravacións dos grupos de discusión tivéronse en conta as seguintes dimensións:

- Definición do acoso
- Colectivos vulnerables
- Espazos críticos
- Contexto da UDC
- Medidas e recursos en materia de acoso que se coñecen na UDC
- Medidas e recursos en materia de acoso que se consideran necesarias na UDC
- Experiencias

## 4. FICHA TÉCNICA DA ENQUISA

A información que serve de base a esta investigación procede dunha mostra á que lle foi aplicada unha enquisa en liña estruturada e para cubrir autonomamente. A mostra representativa obtida caracterízase polos seguintes parámetros:

### ALUMNADO

<b>Universo</b>	Alumnado de grao, doutoramento e máster da UDC. Para o curso 2018-2019, suman un total de 16.847 (8.544 mulleres e 8.303 homes).
<b>Tamaño da mostra</b>	1.148 individuos (6,8% do universo)
<b>Erro estimado</b>	± 2,8 %
<b>Tempo medio de aplicación</b>	9 minutos.
<b>Aplicación</b>	En liña
<b>Data de realización</b>	14-31 de outubro de 2020
<b>Distribución por identidade de xénero</b>	69,3% mulleres, 27,8% homes, 0,6% outras identidades e 2,3% non responden.
<b>Distribución por ramas de estudo</b>	8,2% Ciencias, 45,6% CCSS e Xurídicas, 26,5% Enxeñaría e Arquitectura, 10% Artes e Humanidades, 10,3% Ciencias da Saúde.

### PDI

<b>Universo</b>	Persoal docente e investigador da UDC. Para o curso 2020-2021, suman un total de 1.604.
<b>Tamaño da mostra</b>	275 individuos (17,1% do universo)
<b>Erro estimado</b>	± 5,9 %
<b>Tempo medio de aplicación</b>	12 minutos.
<b>Aplicación</b>	En liña
<b>Data de realización</b>	14 de outubro-10 de novembro de 2020
<b>Distribución por identidade de xénero</b>	54,9% mulleres, 41,0% homes e 4,0% outras identidades.

<b>Distribución por ramas de estudo</b>	12,1% Ciencias, 35,9% CCSS e Xurídicas, 36,7% Enxeñaría e Arquitectura, 8,9% Artes e Humanidades, 8,9% Ciencias da Saúde.
---	---

## PAS

<b>Universo</b>	Persoal de administración e servizos da UDC. Para o curso 2020-2021, suman un total de 809.
<b>Tamaño da mostra</b>	153 individuos (18,9% do universo)
<b>Erro estimado</b>	± 7,9 %
<b>Tempo medio de aplicación</b>	14 minutos.
<b>Aplicación</b>	En liña
<b>Data de realización</b>	14 de outubro-10 de novembro de 2020
<b>Distribución por identidade de xénero</b>	68% mulleres, 27,5% homes e 4,6% outras identidades.
<b>Distribución por ramas de estudo</b>	7,7% Ciencias, 23,9% CCSS e Xurídicas, 35,9% Enxeñaría e Arquitectura, 3,4% Artes e Humanidades, 7,7% Ciencias da Saúde, 40,2% outros edificios administrativos.

Hai, a este respecto, varias cuestións que hai que ter en conta:

- En primeiro lugar, na enquisa ao alumnado houbo unha maior participación feminina, o cal dá conta da relevancia que ten esta cuestión para as mulleres (ou a menor importancia que lle dan os homes). Para paliar esta desigual distribución, procedeuse á reponderación da mostra, de tal xeito que os datos resultantes teñen a mesma distribución que o universo.
- O universo de referencia está dividido segundo mulleres e homes, mais no cuestionario optouse por preguntar pola identidade de xénero de maneira máis ampla. Así, obtívose case un 1% de persoas que indicou que a súa identidade de xénero non se corresponde coas identidades binarias tradicionais. Así mesmo, houbo tamén máis dun 2% que non quixo responder esta cuestión.
- O sumatorio das porcentaxes das ramas de estudo/traballo non teñen por que sumar o 100%, xa que era unha pregunta de resposta múltiple: unha mesma persoa pode exercer ou estudar en dúas titulacións de dúas ramas diferentes.
- Para a análise dos datos primeiro presentaranse os resultados agregados (sumatorio dos cuestionarios dos tres estamentos da comunidade universitaria) e despois os cruzamentos máis relevantes (por xénero, por persoa que responde etc.). Deste xeito coñeceranse os resultados globais e as principais diferenzas que puideren darse.
- O tamaño da mostra de PAS pode contribuír a que os seus datos desagregados amosen uns resultados cunha marxe de erro relativamente elevada, mais entrevistouse ao 18,9% do universo. Considérase, pois, que o tamaño é suficientemente representativo (incluso o colectivo está lixeiramente sobrerrepresentado na mostra total). Isto ocorre

tamén, pero en moita menor medida entre o PDI, colectivo en que se obtivo datos do 17,1% do universo.

- Presentaranse os datos agregados dos tres colectivos e, para máis detalle, aqueles outros aspectos que ofrezan os resultados desagregados máis relevantes.





## ESTUDO PRINCIPAL


### 1. PERCEPCIÓN SOBRE O ACOSO SEXUAL

#### 1.1. Ideas e percepcións sobre o acoso

En primeiro lugar, cómpre coñecer cales son as principais ideas sobre o que é o acoso sexual. Tal e como indicamos previamente, trátase dun concepto que, se ben está claramente definido a nivel teórico ou formal, na práctica hai ideas preconcebidas, estereotipos e mesmo certas zonas de grises sobre as que actuar. En consecuencia, parece que non sempre é sinxelo identificar un acoso sexual e parece, tamén, que hai certas ideas que é preciso desbotar. Co obxecto de coñecer que é o que se entende por acoso sexual dentro da comunidade universitaria da UDC, preséntanse a continuación o grao de acordo con determinados enunciados.


“O acoso sexual afecta do mesmo xeito ás mulleres e aos homes” é un mito que adoitan repetir aquelas persoas que non consideran un problema grave o acoso sexual ou que banalizan a gravidade do asunto. No caso da poboación da UDC, hai, porén, un amplo rexeitamento a esta idea, especialmente entre as mulleres. Este matiz de xénero é importante, posto que o 84% das mulleres están en desacordo con esta afirmación, mentres que só o 65% dos homes o rexeitan en igual grao.

O acoso sexual afecta do mesmo xeito ás mulleres e aos homes (%)




Con respecto á sensibilización social acerca do acoso, hai un maior grao de división de opinións, consecuencia en gran medida da propia percepción do fenómeno. Novamente, os homes cren que a situación é mellor e as mulleres son as que amosan unha percepción moito máis negativa (o 50% das mulleres opina que a sociedade non rexeita o acoso sexual, mentres que só o 31% dos homes pensa o mesmo).

### A sociedade está sensibilizada e rexeita o acoso sexual dun xeito firme



En cambio, non se perciben grandes diferenzas por xénero ao preguntar polo compoñente de subxectividade do acoso. É dicir, tanto mulleres como homes rexeitan, en semellante proporción e en termos xerais, a idea de que o acoso é algo subxectivo. Semella, pois, que hai unha elevada concienciación sobre o acoso como feito definido e claro. Máis adiante veremos, en cambio, que unha cousa é a definición teórica e outra a identificación na práctica dun caso de acoso.


### Definir unha conduta como acoso sexual é algo subxectivo




Hai tamén, aínda que de xeito menos marcado, a percepción maioritaria de que determinadas minorías (nomeadamente, persoas non heterosexuais ou persoas discapacitadas) poden ser máis vulnerables fronte o acoso sexual. Fronte a estas dúas cuestións, nas que non hai diferenzas de opinión por xénero, percíbese un sensible incremento de persoas que non son quen de dar unha opinión ao respecto e que din non saber se é certo. Sería necesario, pois, visibilizar a situación de determinados colectivos para podermos ter unha visión de conxunto da problemática do acoso.



**As persoas pertencentes a algunha minoría (discapacitados/as, étnicas etc.) son máis vulnerables ante o acoso sexual**




**As persoas non heterosexuais poden presentar unha maior vulnerabilidade ante o acoso sexual**



Finalmente, pediuse opinión sobre se o propio contexto universitario é un contorno onde se normalizan determinadas situacións que noutras circunstancias poderían ser consideradas como acoso sexual. Maioritariamente rexéitase esta cuestión, mais hai un 16% do total que cre que si hai condutas non apropiadas e que están a ser normalizadas. Tamén é relevante que a porcentaxe de persoas que “non saben” se incrementa ata o 12%. O xénero é, unha vez máis, un elemento diferenciador, posto que os homes consideran, en moita maior medida, que no ámbito universitario non se dan situacións de acoso normalizadas por parte do profesorado.

Como é lóxico, o propio profesorado (en concreto PDI) é o colectivo que máis rexeita esta idea (o 63% afirma non estar de acordo), mentres que entre o alumnado este rexeitamento é menor (47%) e presenta unha alta proporción de “non sabe” (12%) e de “non contesta” (11%).

### No ámbito universitario adoitan normalizarse condutas ou actitudes por parte do profesorado que noutros contextos serían consideradas como acoso sexual



“No ámbito universitario adoitan normalizarse condutas ou actitudes por parte do profesorado que noutros contextos serían consideradas como acoso sexual”

%	Muller	Home	Alumnado	PDI	PAS
<b>Totalmente en desacordo</b>	19,3	38,3	27,9	39,3	13,7
<b>En desacordo</b>	20,6	19,8	19,0	23,3	19,6
<b>Nin en desacordo nin de acordo</b>	18,0	10,7	14,4	15,6	15,0
<b>De acordo</b>	12,0	6,7	9,4	7,6	13,7
<b>Totalmente de acordo</b>	5,9	5,6	5,9	5,5	8,5
<b>Ns</b>	14,1	10,5	12,5	3,3	25,5
<b>Nc</b>	10,0	8,5	11,0	5,5	3,9
<b>Total</b>	100%	100%	100%	100%	100%

## 1.2. Que é o acoso sexual?


Xa no marco teórico do presente estudo, caracterizouse o acoso sexual como calquera forma de conduta non desexada de natureza sexual, co propósito ou efecto de violar a dignidade dunha persoa, e en particular, de crear un ambiente intimidante, hostil, degradante, humillante ou ofensivo. Esta definición é relativamente clara, mais a súa aterraxe nas situacións cotiás é moito máis complexa.

Para comprobar esta cuestión propuxéronse unha serie de situacións coa intención de identificalas ou non cun acoso sexual. O obxectivo desta pregunta é comprobar ata que punto a comunidade universitaria identifica comportamentos que tradicionalmente estiveron aceptados

(os piropos, por exemplo), pero que hoxe en día poden ser considerados unha modalidade de acoso.

Hai unanimidade (tanto entre mulleres como en homes) á hora de identificar a invasión do espazo físico como unha mostra de acoso sexual, ou tamén os chistes e bromas obscenas ou de carácter sexual. Hai tamén unha inmensa maioría que considera que os comentarios sobre o aspecto físico son igualmente acoso. En cambio, hai case un 20% da poboación que cre que os encontros insistentes ou as miradas non son constitutivos de acoso.


En todo caso, a cuestión que xera máis debate é a dos piropos ou as gabanzas referidas ao aspecto físico da persoa potencialmente acosada. É certo que tradicionalmente os piropos estaban máis presentes na vida social, mais pouco a pouco estanse a ver cada vez máis como unha forma (máis ou menos sutil, se se quere) de acoso sexual. A división de opinións é grande, de modo que menos da metade da comunidade universitaria (47%) considera que si son acoso.



Nas opinións ao respecto dos piropos hai dúas cuestións que cabe mencionar:

- Os homes son moito máis tolerantes fronte a esta cuestión que as mulleres (tradicionalmente receptoras deste tipo de comentarios). En concreto, o 55% das mulleres cre que os piropos son acoso, mais só o 41% dos homes opina o mesmo. As persoas con outras identidades de xénero son aínda máis críticas que as mulleres sobre esta cuestión.
- O alumnado ten un maior rexeitamento dos piropos que os outros dous colectivos (PDI e PAS). Sobre esta cuestión pode estar a actuar un compoñente xeracional, xa que as persoas de menos idade son as máis críticas cos piropos.

### Consideras que os piropos son acoso sexual?



### Dirías que as seguintes situacións son acoso?

%	Alumnad o	PDI	PAS
<b>Piropos</b>	49,7	44,0	37,3
<b>Chistes e bromas obscenas frecuentes ditas en presenza da persoa potencialmente acosada</b>	89,7	94,9	96,7
<b>Comentarios sobre o aspecto físico ou sobre algunha parte concreta da anatomía da persoa potencialmente acosada</b>	85,5	85,8	92,8
<b>Encontrarse reiteradamente coa persoa potencialmente acosada de forma supostamente fortuíta</b>	80,1	85,5	89,5
<b>Manter unha proximidade física excesiva que invada o espazo vital da persoa potencialmente acosada</b>	93,2	94,5	97,4
<b>Miradas insistentes á persoa potencialmente acosada</b>	79,6	81,8	88,9


## 2. O CONTORNO DA UDC

Neste apartado preténdese indagar na percepción que se ten entre a comunidade universitaria sobre a UDC como un contorno seguro, ademais de comprobar o coñecemento sobre os distintos recursos existentes na propia institución.

Así, en primeiro lugar, hai que dicir que unha gran maioría da poboación universitaria cre que a UDC é un espazo seguro e libre de acoso sexual. En concreto, o 45% diría que é bastante seguro e case o 18% diría que é moi seguro. Menos do 1% afirma que é un espazo nada seguro.

As diferenzas máis salientables danse de novo en función do

### En que grao consideras que a UDC é un espazo seguro e/ou libre de acoso sexual?



xénero: só un 13% das mulleres cre que a UDC é “moi segura”, mentres que a cifra para os homes é do 25%. A porcentaxe de mulleres que non saben responder esta cuestión é tamén maior.

Destaca, finalmente, que o colectivo de PAS é o que máis inseguridade percibe.


Independentemente da súa percepción, solicitouse ás persoas entrevistadas que indicasen que medidas serían necesarias para incrementar a seguridade na

propia UDC. Os máis mencionados foron os medios de denuncia anónimos, que os expedientes por acoso sexual impliquen amoestación pública e despedimento da persoa acosadora ou as campañas de sensibilización. Outros aspectos, tales como a prohibición de titorías a porta pechada ou a videovixilancia, son moito menos mencionados.

En que grao consideras que a UDC é un espazo seguro e/ou libre de acoso sexual?

%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Nada seguro</b>	,8	,0	2,0
<b>Pouco seguro</b>	3,9	3,3	7,8
<b>Algo seguro</b>	20,3	26,9	20,3
<b>Bastante seguro</b>	45,5	44,0	45,1
<b>Moi seguro</b>	18,6	17,5	9,8
<b>Ns</b>	9,9	,0	14,4
<b>Nc</b>	1,1	8,4	,7
<b>Total</b>	100%	100%	100%

### Medidas necesarias para o incremento da seguridade e a prevención do acoso sexual



Hai diferenzas relevantes tanto por xénero como polo colectivo que responde. Así, a porcentaxe de mulleres que mencionan as distintas opcións adoitan superar claramente á proporción de homes. Por exemplo, o apoio das mulleres a que as titorías non sexan coa porta pechada duplica ao dos homes.


As diferenzas por colectivo tamén son destacables, especialmente en determinadas cuestións. Por exemplo:

- A solicitude de videovixilancia é moi superior entre o alumnado (21% por 13% e 11% de PDI e PAS). Igualmente, o alumnado apoia maioritariamente que os expedientes por acoso sexual impliquen amoestación pública e o despedimento da persoa acosadora.
- En cambio, é o PDI e o PAS quen propón en maior medida as titorías a porta aberta e/ou en compañía.

%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Contar con oficinas e/ou organismos de igualdade</b>	50,7	45,8	52,3
<b>Videovixilancia nas facultades e nos seus arredores</b>	21,1	12,7	11,8
<b>Espazos de traballo abertos e ben iluminados</b>	25,5	30,2	25,5
<b>Dispoñer de medios de denuncia anónimos</b>	69,5	52,4	68,0
<b>Formación obrigatoria sobre detección e prevención do acoso sexual</b>	56,4	51,6	65,4
<b>Non permitir as titorías a porta pechada e/ou a soas</b>	12,5	20,4	26,1
<b>Que os expedientes por acoso sexual impliquen a amoestación pública e o despedimento da persoa acosadora</b>	70,1	52,7	47,7
<b>Campañas de sensibilización contra o acoso sexual</b>	60,2	67,3	81,7

Noutra orde de cousas, sería necesario tamén que a comunidade universitaria fose consciente do traballo da propia UDC a prol da igualdade e contra o acoso sexual. A realidade, porén, é outra, xa que máis dunha cuarta parte das persoas que compoñen a universidade (26%) non saberían dicir se a UDC está comprometida coa loita contra o acoso sexual. Hai, incluso, un 9% que pensa que non está comprometida en modo ningún.


#### A UDC está comprometida coa loita contra o acoso sexual



En relación cos diferentes colectivos, o PAS presenta a valoración menos positiva e o alumnado é o que revela maior descoñecemento sobre esta cuestión: case o 29% non sabe dicir se a universidade ten un compromiso claro contra a violencia de xénero.

Esta cuestión está estreitamente vinculada co coñecemento efectivo dos distintos recursos de igualdade que existen na propia UDC, xa que o recurso máis recoñecido (a Oficina para Igualdade de Xénero) é mencionado só por dúas terceiras partes da comunidade. No extremo oposto, a

figura do/a representante de Igualdade de centro tan só é coñecida polo 16% da poboación. Estas cifras supoñen, pois, un problema de visibilización do labor realizado.




Rexístrase, ademais, unha enorme disparidade no coñecemento que amosan uns colectivos e outros. Por exemplo, o alumnado é, en xeral, o que menos coñecemento rexistra das distintas figuras, agás no caso do/a representante de igualdade do centro, que é moito menos coñecida polo PAS. O PDI presenta o maior coñecemento de todos os elementos mencionados.


%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Oficina para a Igualdade de Xénero</b>	57,5	90,2	84,3
<b>Plan de igualdade entre mulleres e homes da UDC</b>	35,5	60,7	52,9
<b>Protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero da UDC</b>	20,7	41,8	41,8
<b>Representante de Igualdade de centro</b>	15,1	26,9	7,2

Finalmente, e sabendo a importancia da formación en igualdade para combater o acoso sexual, quíxose saber ata que punto a dita formación está estendida entre a comunidade universitaria. Así, o 58% da poboación recibiu nalgún momento da súa vida formación neste ámbito. As diferenzas por colectivos son moi evidentes, xa que o PDI presenta unha porcentaxe de só o 43%, mentres que o 60% do alumnado si recibiu tal formación. É dicir, sería necesario un esforzo nesta liña para incrementar estas proporcións, especialmente, entre o profesorado e o persoal investigador.

### Recibiches formación en xénero e igualdade?



### Recibiu formación en xénero e igualdade (%)



## 3. O ACOSO NA UDC

Este capítulo divídese en tres epígrafes distintas, xa que se pretende diferenciar tres posibles circunstancias fronte ao acoso. Así, en primeiro lugar, referirémonos a aqueles casos que se contan na comunidade universitaria. É dicir, trátase de saber ata que punto hai unha certa permisividade ou normalización de determinados comportamentos. Trátase, en definitiva, de saber que é o que se di acerca do acoso sexual.

A segunda epígrafe refírese a aqueles casos coñecidos máis directamente ou dos que se foi testemuño. Coñecer que apoio se brindou ou as circunstancias en que se deu o acoso é de vital importancia co fin de buscar ferramentas para atallar futuros comportamentos semellantes.

Finalmente, a terceira epígrafe céntrase no caso onde a vítima é quen fala. É dicir, coñecer de primeira man tanto a prevalencia do acoso sexual na universidade como as súas características e, na medida do posible, o apoio que atoparon no proceso.


### 3.1. Casos e/ou situacións que se contan

Tal e como mencionamos, en primeiro lugar falaremos das “historias” que se contan nas facultades, dos “avisos” que se dan ou da transmisión oral dos posibles casos de acoso continuados no tempo. Non se trata, pois, de indagar sobre casos moi específicos ou graves, senón máis ben sobre situacións cotiás que, en moitas ocasións, son percibidas como “de baixa intensidade” pero que son, en esencia, constitutivas de acoso.



Así, unha de cada tres persoas oíu falar ou recibiu algún aviso sobre condutas non apropiadas (o 13% sobre unha única persoa e o 18% sobre varias persoas diferentes). A maior proporción dáse entre o PDI e o PAS, cuestión lóxica ao repararmos en que son persoas que poden levar bastantes anos na universidade (esta porcentaxe incrementase ao aumentar os anos de vinculación coa UDC). Máis preocupante resulta o feito de que o 27% do alumnado teña coñecemento indirecto destas actitudes. Sendo máis concretos, o 13% do alumnado que leva na UDC un ano ou menos ten coñecemento destas condutas. Esta cifra incrementase ata o 40% entre o alumnado con catro anos de antigüidade.

### Algunha vez oíches ou che contaron condutas non apropiadas por parte dalgunha persoa da universidade?




Estes datos non son positivos, mais cómpre lembrar que non implican

necesariamente un número elevado de casos, xa que pode darse a circunstancia de que un mesmo caso sexa moi difundido e coñecido por unha elevada cantidade de xente.

### Algunha vez oíches ou che contaron condutas non apropiadas por parte dalgunha persoa da universidade?

%	Alumnado	PDI	PAS
Si, sobre unha única persoa	11,7	16,0	15,7
Si, sobre varias persoas diferentes	15,7	24,0	22,2
Non	52,5	46,9	47,7
Non lembro	17,3	11,3	13,1
Prefiro non responder	2,8	1,8	1,3
<b>Total</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>


En todo caso, no 82% dos casos que se mencionan a persoa acosadora era PDI, en algo menos dun terzo dos casos era alumno/a e só no 13% era PAS. Hai unha mínima proporción de casos (2%) onde as persoas acosadoras eran outras (persoal alleo, persoal auxiliar etc.).



As situacións de acoso referidas son, maioritariamente, verbais, nomeadamente comentarios sobre o aspecto físico ou de carácter sexual ou presuntas bromas que teñen un carácter ofensivo. Nos dous casos, a incidencia é superior ao 70%. A continuación, o 44% das actitudes mencionadas son de miradas ou xestos lascivos e case o 41% de invasión do espazo físico. O 2% das persoas que oíron falar sobre algunha situación de acoso mencionan agresións ou asaltos sexuais con forza física ou intimidación.

Non hai grandes diferenzas entre os diferentes colectivos de análise, mais entre o alumnado rexístrase unha maior porcentaxe de “avisos” sobre comentarios ou bromas ofensivas e de carácter sexual. Especificamente, o 82% das e dos alumnos que recibiron información sobre posibles acosos foron informados sobre comentarios sexuais (sobre o total do alumnado, esta cifra implica que o 22% do colectivo ten coñecemento de comportamentos destas características por parte doutro membro da comunidade universitaria).

### Situacións de acoso (%)




Polo xeral, este tipo de avisos, comentarios ou advertencias veñen asociados con algún tipo de recomendación. En concreto, no 30% dos casos recomendouse non relacionarse con esa persoa e, explicitamente, aconsellouse ter coidado con el ou con ela. Máis relevante é o feito de que, en máis da metade das ocasións, afirmouse que era un comportamento habitual e que ninguén actuaba ao respecto. Rexístrase tamén un 21% dos casos en que se indicou que o mellor era non darlle importancia. Parece, pois, que non hai unha actitude maioritariamente proactiva e que se prefire obviar a situación e non actuar sobre ela. Esta cuestión parece implicar tamén outros dos aspectos importantes:

- En primeiro lugar, certa permisividade sobre determinados comportamentos. Moi probablemente estes comportamentos non son percibidos “graves” e quítaselles importancia coma se fosen, en moitos casos, simples bromas de mal gusto.
- Por outra banda, sinálase certa inacción por parte da comunidade universitaria no seu conxunto (non necesariamente por parte das autoridades), pero hai unha gran proporción de casos onde o acoso é coñecido amplamente e non se lle pon freo.

Ambas as circunstancias non son males exclusivos da UDC, posto que na propia sociedade suceden. Hai pouca sensibilidade fronte a certas cuestións que se deixan pasar como “inofensivas”, o cal non deixa de ser unha sorte de complicidade coa persoa acosadora. Formar e incidir nestas cuestións é moi importante de cara á súa erradicación da universidade.

### Recomendacións/comentarios ao respecto (%)



No 20% dos casos mencionados polo alumnado hai unha advertencia de que se non se toleraba ou non se deixaba pasar o acoso podería haber problemas académicos. Hai, pois, un medo latente á denuncia que, tal e como veremos máis adiante, se amplifica tanto nos casos vividos en primeira persoa como nos observados en calidade de testemuña.


### 3.2. Testemuñas directas

Este apartado recolle aqueles casos onde a persoa entrevistada foi testemuña ou tivo coñecemento directo dalgún caso de acoso sexual. Trátase, por tanto, dunha primeira aproximación á incidencia real do acoso no contorno da UDC.

O dato máis relevante, neste senso, é que o 8% da comunidade universitaria foi testemuña máis ou menos directa dalgún caso de acoso sexual. Chama a atención que hai un 12% que non está seguro de poder identificar como acoso algunha das situacións presenciadas. Novamente,

aparece a necesidade de incrementar a formación a este respecto: a identificación do acoso como paso previo á súa eliminación.

### No tempo que levas vinculado/a á UDC, fuches testemuña ou tiveches coñecemento directo dalgún caso de acoso sexual?



As diferenzas entre colectivos con claras: o PDI e o PAS teñen unha maior incidencia de casos presenciados (12% e 11%), mentres que o alumnado se sitúa “só” no 6%. Este dato ten moito que ver coa antigüidade na institución, tal e como indicamos anteriormente. Así, o 2% do alumnado que leva un ano na UDC xa tivo constancia directa de casos de acoso, mentres que a partir dos catro anos de antigüidade esta porcentaxe supera o 11% do total. No caso do PDI e PAS, a situación é semellante: canto máis anos na UDC, máis casos de acoso presenciados.


É moi relevante, por outra banda, o feito de que o colectivo de estudantes é precisamente o que dubida en maior medida sobre a natureza dos sucesos vividos: o 14% non é quen de dicir se viviu casos de acoso ou non. Parece un paradoxo que o colectivo con maior formación en igualdade, cun rexeitamento máis claro do acoso e cunha identificación teórica maior, non sexa quen de identificalo correctamente na práctica. Isto enlaza con aspectos xa mencionados sobre os límites do acoso e a súa aplicación práctica.

### Fuches testemuña ou tiveches coñecemento directo dalgún caso de acoso sexual na UDC?


%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Si</b>	6,3	12,4	11,1
<b>Non</b>	77,8	79,6	73,2
<b>Non o sei / Non estou seguro/a</b>	14,0	6,5	13,1
<b>Prefiro non responder</b>	2,0	1,5	2,6
<b>Total</b>	100%	100%	100%

Hai unha elevada variedade de circunstancias e de situacións de acoso entre as mencionadas polas testemuñas, mais hai unha serie de aspectos máis habituais e que caracterizan, en xeral,

as situacións de acoso vividas. Así, no 68% dos casos a persoa acosadora é PDI e no 71% dos casos a persoa acosada era estudante. Non obstante, non se pode xeneralizar de xeito global, posto que hai tamén un 19% de persoas acosadoras que eran estudantes.




Resulta necesario, xa que logo, coñecer cal é a direccionalidade dos casos observados para saber que tipo de relacións se están a dar nos casos de acoso na UDC. Así, en máis da metade das ocasións o acoso prodúcese por parte de PDI sobre unha alumna ou un alumno. Esta cuestión resulta de especial gravidade pola xerarquía da relación entre os dous estamentos universitarios. As seguintes relacións máis habituais son entre o alumnado (16%) e entre PDI (14%), se ben isto non implica que non haxa xerarquía ou unha relación de poder entre a persoa acosadora e a acosada.




Canto ao xénero, a relación está tamén clara, xa que no 93% dos casos o acosador é un home. Máis especificamente, no 90% dos casos o acosador era un home e a persoa acosada unha muller. Isto rebate ese 18% da poboación universitaria que indicaba que o acoso sexual afecta por igual a mulleres e homes, tal e como vimos no capítulo inicial do informe.

### Xénero das persoas implicadas (%)



Finalmente, é de importancia coñecer como se está a reaccionar cando se é testemuña ou se coñece directamente un caso de acoso sexual. Así, a opción maioritaria (indicada por máis dun terzo das testemuñas) foi falar coa persoa acosada para asegurarse do seu benestar. O resto de opcións son mencionadas en proporción relativamente semellante, se ben as accións máis proactivas (falar coa persoa acosadora ou intervir para interromper o acoso) son dúas das menos mencionadas (8% e 11% respectivamente). Non hai ningún caso en que se presentase unha denuncia xudicial ao respecto.

## Reacción fronte ao acoso (%)



Neste contexto, non só resultan relevantes os datos agregados, senón que cobran aínda máis importancia as diferenzas segundo os colectivos, especialmente no caso do alumnado como vítima maioritaria e do PDI, como poboación onde se concentra a maior parte das persoas acosadoras. Salienta, por parte do PDI, unha maior proactividade na resposta ante o acoso (o 17% interveu directamente, o 20% procurou a axuda doutras persoas e o 38% púxoo en coñecemento das autoridades da UDC). Estas accións son moito máis minoritarias no caso do alumnado.

Resulta moi ilustrativo que o 20% do alumnado diga que non fixo nada porque nese momento non lle deu importancia, mais outro dato que invita á reflexión é que só o 4% puxo o presunto acoso en mans das propias instancias da UDC. Esta cifra pode ser tan baixa por diversas razóns:

- Descoñecemento das canles precisas de comunicación deste tipo de condutas. Como xa vimos, a porcentaxe de estudantes que coñecen os mecanismos contra o acoso é mínima.
- Desencanto coas institucións e dúbida sobre o efecto real desa denuncia. Percíbese que “todo o mundo o sabe e ninguén fai nada ao respecto”.
- Medo a actuar. Como xa vimos, a situación máis común é un comportamento indebido por parte do PDI sobre unha alumna. Isto implica unha relación de poder que alcanza tamén ás testemuñas (xeralmente tamén estudantes) e que inhibe de actuar con maior determinación.

- Falta de concienciación real. O efecto xa mencionado da diferenza entre o campo teórico e o real que implica unha identificación difusa do que é o acoso ou un grao de importancia menor do que debería ter.

A explicación, como é habitual, debe ser multicausal, mais resulta moi relevante que sexan as testemuñas do colectivo máis vulnerable as que teñen uns comportamentos máis “tolerantes” fronte ao acoso. Debemos ter en conta, así mesmo, que resulta moito máis doado actuar cando a relación co acosador é horizontal (entre compañeiros, por exemplo).

#### Cal foi a túa reacción?

%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Intervín directamente ou interrompín a situación en canto a percibín</b>	9,3	17,6	5,9
<b>Falei coa persoa potencialmente acosada para asegurarme de que estaba ben</b>	37,7	32,4	41,2
<b>Falei coa persoa potencialmente acosadora sobre a súa conduta</b>	5,4	11,8	11,8
<b>Procurei a axuda doutras persoas</b>	6,9	20,6	29,4
<b>Púxeno en coñecemento dalgunha autoridade ou institución da UDC</b>	3,9	38,2	17,6
<b>Non fixen nada porque así mo pediu a persoa potencialmente acosada</b>	19,4	11,8	17,6
<b>Non fixen nada, porque a situación de acoso xa rematara</b>	26,2	8,8	5,9
<b>Non fixen nada, porque nese momento non lle dei importancia</b>	20,8	5,9	0,0

Finalmente, hai que sinalar que o xénero é, de novo, unha variable relevante para analizar estes comportamentos. Por exemplo, entre os homes é moito máis habitual non actuar (o 28% dos alumnos di que non lle deron importancia no momento, polo 16% das alumnas) ou interesarse pola vítima. As mulleres, en cambio, duplican en proporción á hora de intervir directamente ou de poñelo en coñecemento da UDC. A sensibilización da poboación masculina incidirá non só nun descenso directo do acoso como poboación potencialmente acosadora, senón que terá unha incidencia indirecta nas actuacións de apoio e denuncia.






### 3.3. En primeira persoa


Neste derradeiro apartado coñeceremos a incidencia estimada do acoso sexual na UDC. Isto é, cantas persoas sufriron acoso sexual no marco da propia universidade. Antes diso, é interesante resaltar cantas persoas sufriron acoso fóra do contorno universitario para poder contextualizar na súa dimensión a incidencia estimada. Así, en primeiro lugar, máis dun terzo da comunidade universitaria afirma que foi acosado/a sexualmente fóra do contexto da UDC. A incidencia dentro da universidade é, como resulta lóxico, sensiblemente inferior.

Fóra da UDC, sufriches algunha vez algún tipo de acoso sexual? (%)



En concreto, **o 5% da comunidade universitaria afirma que sufriu algún tipo de acoso sexual no contexto da UDC**. Isto implica que unhas 963 persoas foron vítimas nalgún momento de acoso. Hai, ademais, outro 5% de persoas que non saberían indicar se sufriron acoso ou non.

Sufriches algún tipo de acoso sexual no contexto da UDC? (%)




Segundo o colectivo entrevistado, o que máis incidencia proporcional rexistra é o PAS, cun 11% e, a continuación, o PDI, con case o 10%. Respecto ao alumnado, o 3% afirma que sufriu acoso sexual algunha vez na universidade. Estes datos indican que, en termos comparativos, a situación do PDI e PAS é peor que a do alumnado, mais en termos absolutos continúa a ser o estudantado a vítima maioritaria destas situacións.

%	Sufriu acoso fóra da UDC			Sufriu acoso dentro da UDC		
	Alumnado	PDI	PAS	Alumnado	PDI	PAS
<b>Si</b>	35,1	31,6	38,6	2,9	9,8	11,1
<b>Non o sei / Non estou seguro/a</b>	8,6	5,1	3,3	5,6	2,5	5,2
<b>Non</b>	53,7	62,5	55,6	90,7	86,9	81,0
<b>Prefiro non responder</b>	2,7	,7	2,6	,9	,7	2,6
<b>Total</b>	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Segundo o xénero, os datos son totalmente clarificadores, posto que o 56% das mulleres sufriu algunha vez acoso sexual ao longo da súa vida, mentres que só o 10% dos homes pasou por unha situación semellante. No caso da propia UDC, o 8% do total das mulleres foron acosadas algunha vez, mentres que a porcentaxe de homes non chega ao 1%. Tamén as

**Persoas que sufriron acoso segundo xénero (%)**



mulleres amosan máis dúbidas á hora de identificar se foron acosadas ou non. Ao 8% de mulleres acosadas na UDC poderíase engadir gran parte do 6% que dubida e que, seguramente, sufriron situacións desagradables que non son capaces de denominar como acoso.

	Sufriu acoso fóra da UDC		Sufriu acoso dentro da UDC	
	Muller	Home	Muller	Home
<b>Si</b>	56,3	9,9	8,0	0,7
<b>Non o sei / Non estou seguro/a</b>	9,0	5,6	6,5	3,4
<b>Non</b>	31,6	83,2	83,9	95,8
<b>Prefiro non responder</b>	3,1	1,4	1,6	0,1
<b>Total</b>	100%	100%	100%	100%


A cuestión da orientación sexual pode tamén incidir nos casos de acoso sexual, de tal xeito que máis da metade da poboación non heterosexual afirma que foi acosada algunha vez fóra da universidade, mentres que “só” o 30% da poboación heterosexual sufriu acoso. Dentro dos límites da UDC a incidencia directa non parece ser distinta entre un colectivo e outro, mais hai

que ter en conta dúas cuestións: é posible que na categoría “non responde” haxa unha proporción relativamente elevada de persoas non heterosexuais. Ademais, a proporción de persoas non heterosexuais que non saben se foron vítimas de acoso duplica á da poboación heterosexual. Estas dúas cuestións parecen sinalar que, moi probablemente, a incidencia do acoso nos colectivos LGBTIQ+ sexa tamén superior dentro da universidade.

%	Sufriu acoso fóra da UDC			Sufriu acoso dentro da UDC		
	Heterosexual	Non heterosexual	Non responde	Heterosexual	Non heterosexual	Non responde
<b>Si</b>	31,2	51,8	41,1	4,2	4,4	12,5
<b>Non o sei / Non estou seguro/a</b>	7,4	8,5	7,8	4,1	9,7	8,4
<b>Non</b>	59,2	39,0	43,0	90,8	83,7	79,1
<b>Prefiro non responder</b>	2,1	0,7	8,2	0,9	2,3	0,0
<b>Total</b>	100%	100%	100%	100%	100%	100%

En calquera caso, esta incidencia baséase na propia percepción da persoa implicada. É dicir, se se recoñece a si mesma como vítima de acoso sexual. Realizouse, por outra banda, unha estimación indirecta da incidencia do acoso a través das situacións vividas. Neste caso, preguntouse se, no contexto da universidade, viviron en primeira persoa algunha das situacións que se lles enumeraron. Unha vez observadas as respostas, comprobouse cantas persoas sufriron

Sufriron situacións de acoso sexual (%)



algunha das situacións que poden ser constitutivas de acoso. O resultado é, como era de esperar, moito máis avultado que o anterior: o 34% da comunidade universitaria viviu algunha situación (no contexto universitario) de acoso, aínda que non o identificase como tal.

Neste caso, as diferenzas segundo os diferentes colectivos manteñen unha proporción semellante á que dá na autopercepción do acoso: as mulleres son acosadas en moita maior medida que os homes e as persoas heterosexuais presentan unha incidencia sensiblemente inferior á das persoas non heterosexuais. Pola súa parte, o 35% do alumnado viviu algunha das situacións presentadas, cifra que se incrementa para o PDI (38%) e PAS (41%).

### Sufriron situacións de acoso sexual (%)


Alumnado	PDI	PAS	Total
35,3	38,2	41,2	34,1

As situacións de acoso sufridas son variadas e presentan unha incidencia moi desigual. Así, as situacións verbais copan tres das catros primeiras posicións, cunha porcentaxe de entre o 13% e case o 18%. Estes actos refírense a chistes ou bromas ofensivas, olladas ou xestos lascivos ou comentarios fóra de contexto sobre a vida privada ou sexual. Non obstante, a situación máis repetida é a invasión do espazo físico individual con carácter íntimo ou sexual, sufrido tamén polo 18% da poboación universitaria.

Outros abusos físicos máis graves teñen unha incidencia moito menor. En concreto, o 6% da poboación recibiu algún tocamento, rozamento ou bico non desexados, case o 2% sufriu outro tipo de abuso físico e menos do 1% (0,7%, en concreto) sufriu un asalto ou agresión sexual que implicou forza física ou intimidación.

Delitos de carácter dixital, tales como a circulación de vídeos ou fotos íntimas, ou chantaxe para non publicalas teñen unha incidencia mínima no contexto da UDC.

### Situacións de acoso sufridas (%)



As diferenzas entre o alumnado, o PDI e o PAS non son moi destacadas, mais parece que hai unha maior incidencia proporcional entre o PAS, que non só recibe acoso verbal en maior proporción, senón que tamén sofre en maior medida abuso físico. Hai que ter en conta, non obstante, que este dato pode estar determinado polo tamaño da mostra do PAS e que, por tanto, o acoso rexistrado estea lixeiramente sobrerrepresentado.

%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Chistes, bromas ou piropos ofensivos con intención sexual</b>	16,5	18,5	24,2
<b>Miradas ou xestos lascivos</b>	16,9	16,0	20,9
<b>Invasión do espazo físico con carácter íntimo ou sexual</b>	15,9	21,5	24,2
<b>Comentarios non desexados sobre a vida privada ou sexual</b>	14,3	13,8	13,7
<b>Buscaba con insistencia ter encontros e facía ver que eran encontros “casuais”</b>	5,8	6,2	7,2
<b>Tocamentos, rozamentos, palmadas ou bicos non pedidos nin desexados</b>	5,4	6,5	9,8
<b>Presións para obter favores sexuais a cambio de beneficios académicos/laborais</b>	0,3	1,8	2,0
<b>Circularon de xeito máis ou menos público fotos, vídeos ou mensaxes de carácter íntimo</b>	0,7	1,8	0,0
<b>Chantaxe para evitar que se publicasen ou reenviasen fotos ou vídeos de carácter sexual</b>	0,1	1,1	0,0
<b>Abuso físico ou tocamentos non consentidos</b>	1,7	1,8	3,3
<b>Asalto ou agresión sexual con forza física ou intimidación</b>	0,6	0,7	1,3


O xénero, polo demais, amosa novamente a realidade diferencial entre mulleres e homes. O sistema social cousifica o corpo da muller e faina moito máis proclive a ser vítima de abuso e de acoso. Por exemplo, unha cuarta parte das mulleres sufriu chistes, bromas ou piropos ofensivos, mentres que só o 9% dos homes viviu unha situación semellante. As persoas que non encaixan nas definicións tradicionais de xénero, pola súa parte, sofren en moita maior proporción comentarios non desexados sobre a súa vida privada e/ou sexual.

%	Muller	Home	Outras opcións	Prefire non responder
<b>Chistes, bromas ou piropos ofensivos con intención sexual</b>	24,6	8,8	14,3	21,4
<b>Miradas ou xestos lascivos</b>	26,2	5,9	14,3	14,3
<b>Invasión do espazo físico con carácter íntimo ou sexual</b>	22,7	11,2	,0	25,0
<b>Comentarios non desexados sobre a vida privada ou sexual</b>	17,1	9,8	28,6	14,3
<b>Buscaba con insistencia ter encontros e facía ver que eran encontros “casuais”</b>	6,9	4,3	7,1	10,7
<b>Tocamentos, rozamentos, palmadas ou bicos non pedidos nin desexados</b>	8,0	3,8	0,0	3,6
<b>Presións para obter favores sexuais a cambio de beneficios académicos/laborais</b>	0,9	0,4	0,0	3,6
<b>Circularon de xeito máis ou menos público fotos, vídeos ou mensaxes de carácter íntimo</b>	0,7	0,9	7,1	0,0
<b>Chantaxe para evitar que se publicasen ou reenviasen fotos ou vídeos de carácter sexual</b>	0,5	0,0	0,0	0,0


<b>Abuso físico ou tocamientos non consentidos</b>	3,1	0,5	0,0	0,0
<b>Asalto ou agresión sexual con forza física ou intimidación</b>	1,2	0,0	0,0	3,6

Seguindo coa caracterización do acoso, é interesante comprobar como, no 75% dos casos, as persoas que sufriron acoso sufrírono en máis dunha ocasión. Canto ás persoas acosadoras, hai dúas situacións maioritarias: o 46% foi sempre acosada pola mesma persoa e o 47% foi acosada por varias persoas en casos diferentes.

### En cantas ocasións sufriches acoso? (%)




### Cantas persoas te acosaron? (%)




Con respecto ás principais situacións de acoso sufridas, no 27% dos casos foi unha circunstancia única e esporádica e non se repetiu ao longo do tempo. Non obstante, o máis habitual é que a dita situación estea composta de varias ocasións. É dicir, que o acoso fose continuado durante un período de terminado de tempo.

Así mesmo, a circunstancia máis habitual é que a persoa acosadora actúe de xeito individual, mais, hai ata un 23% das agresións onde o número de acosadores é superior.





**Cantas persoas foron as acosadoras? (%)**



Máis da metade dos acosadores son PDI, pero hai un pequeno cambio con respecto aos datos presentados na epígrafe anterior. No caso do relato das testemuñas, o máis habitual é que se indique un acoso do PDI a unha alumna, mais no caso do relato das propias vítimas, é algo máis

común o acoso entre PDI. Isto ten a súa explicación en que, no caso de que a vítima sexa unha alumna e o acosador PDI, as situacións adoitan ser máis ou menos públicas debido a que o contexto relacional entre ambos os colectivos é público (na aula, na cafetería, no despacho etc.). No caso de PDI a PDI hai máis situacións de índole privada que poden desembocar nun caso de acoso.


Aínda así, o alumnado segue a ser o colectivo con maior volume de acoso rexistrado, mais hai que ter en conta tamén o acoso entre estudantes como unha situación que se dá en case o 18% dos casos de acoso.



Tal e como se apuntou previamente, no 90% dos casos a persoa acosadora é un home e, en semellante proporción, a persoa acosada é unha muller.



### Persoa acosadora (%)



É preciso, tamén, saber cal é a relación entre as persoas implicadas. Así, por volta da metade dos casos a relación existente tiña un compoñente xerárquico, sexa docente-alumna (41%) ou, no PDI, entre unha docente e o seu superior académico (52%) ou, no PAS, entre un xefe ou responsable de rango superior e a súa subordinada (41%). Estes datos redundan no compoñente de abuso de autoridade co que conta case calquera relación de acoso. O acoso por parte de parellas ou ex-parellas (moi común fóra do contexto da universidade) ten unha incidencia escasa dentro do ámbito universitario.

### Relación coa persoa acosadora (%)

Alumnado	
Docente, superior académico	41,3
Persoa coñecida, pero sen moita relación	26,7
Sen relación directa	19,0
Amizades	6,5
Parella	6,5
Outras respostas	5,9
Ex-parella	4,3
Relación derivada do seu posto	4,3

PDI	
Superior, autoridade académica	51,9
Compañeiro/a de rango semellante	44,4
Persoa coñecida, pero sen moita relación	18,5
Alumno/a	14,8
Ex-parella	3,7
Compañeiro/a de rango inferior	3,7
Outras respostas	3,7


PAS	
Superior, xefe/a, responsable de servizo	41,2
Persoa coñecida, pero sen moita relación	41,2
Compañeiro/a de rango semellante	11,8
Compañeiro/a de rango inferior	11,8
Outras respostas	5,9



O lugar de acoso, tal e como mencionamos previamente, é moi diferente en función do grupo ao que pertenza a vítima. Así, en termos xerais o acoso maioritario dáse en diversos espazos dos edificios (os propios corredores, por exemplo). Non obstante, o 40% do alumnado acosado sufriu ese acoso na propia aula (tal e como indicamos previamente, nun espazo público con testemuñas, en moitos casos).

O acoso sufrido polo PDI e, especialmente, polo PAS, ten un compoñente moito máis privado, o cal resulta moito máis perigoso e dificulta enormemente o seu freo.

Lugar onde ocorreu o acoso (%)



%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Nun despacho</b>	15,1	37,0	52,9
<b>Nunha aula</b>	40,5	14,8	,0
<b>Na cafetería</b>	11,6	22,2	11,8
<b>Noutros espazos do edificio</b>	47,9	59,3	47,1
<b>No campus, fóra do edificio</b>	15,9	3,7	5,9
<b>Nun espazo fóra da UDC</b>	19,5	25,9	5,9

Esta cuestión compróbase novamente, posto que o 64% do alumnado acosado estaba acompañado no momento dos feitos, cifra que se reduce sensiblemente entre o PDI (46%) e, moi especialmente, entre o PAS (12%).


%	Alumnado	PDI	PAS	Total
<b>Estaba a soas coa/s persoa/s acosadora/s</b>	35,6	53,8	87,5	53,6
<b>Había máis xente presente</b>	64,4	46,2	12,5	46,4

As reaccións fronte a un caso de acoso sexual son moi diversas e dependen de moitas circunstancias: situación persoal da vítima, tipo de acoso recibido, contexto de acoso etc. Con todo, un dos principais problemas do acoso sexual é que a vítima adoita non saber como actuar e mesmo acaba por sentirse parcialmente responsable da situación vivida. Estas cuestións reflíctense na nosa enquisa, posto que o 44% das vítimas de acoso non tiveron ningunha reacción porque non souberon como actuar. É común, tamén, que a resposta sexa evitar posibles novas situacións de acoso, ben ignorando ao acosador (38%) ben cambiando de hábitos propios (20%). Non se recolle, en ningún caso, denuncias penais ao respecto.

Máis aló das posibles reaccións persoais, hai, dúas posibles reaccións que teñen unha importancia extrema para este estudo:

- Por unha banda, algo máis do 19% non fixo nada por medo ás consecuencias. Este medo (derivado en moitas ocasións da relación de poder establecida entre acosador e vítima) é o que hai que procurar romper desde a propia UDC. A sensación de impunidade é común a todos os acosadores, de igual xeito que a sensación de indefensión é común ás vítimas. Tratar de minimizar esta circunstancia poderá permitir incrementar o número de denuncias destes comportamentos e, por tanto, a súa diminución.
- Pola outra, o 14% das persoas acudiu a un membro ou a unha unidade da UDC. Sería recomendable que esta cifra fose superior, xa que isto implicaría unha maior confianza na institución. O problema aquí é duplo: pouco coñecemento dos recursos existentes, tal e como vimos previamente, e desconfianza neles. Hai testemuños de vítimas que indican que membros da propia UDC (compañeiros e/ou responsables) lle indicaron que era mellor retirar a denuncia.

### Cal foi a túa reacción? (%)




Nesta liña é relevante ver que só o 2% do alumnado acusado acudiu a un membro ou a un organismo da UDC. En cambio, é o colectivo onde o medo ás consecuencias impide actuar en maior medida.

%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Ningunha, nese momento non lle dei importancia ou non foi relevante</b>	7,3	7,4	5,9
<b>Ningunha, non souben como reaccionar</b>	57,3	37,0	29,4
<b>Non fixen nada por medo ás posibles consecuencias</b>	29,7	11,1	11,8
<b>Tratei de ignorar a esa/s persoa/s e deixei pasar o tempo</b>	42,7	25,9	47,1
<b>Pedinlle axuda ou consello a amizades, familiares etc.</b>	15,1	18,5	17,6
<b>Procurei afastarme da persoa, cambiando de departamento, horario etc.</b>	23,2	14,8	23,5

<b>Acudín a un membro ou unidade da UDC e denunciei a situación</b>	2,2	18,5	29,4
---	-----	------	------

Finalmente, indicamos as principais consecuencias que tivo o acoso sobre as diferentes vítimas. En primeiro lugar, cómpre indicar que parece que hai diferentes graos de afectación, moi en relación coa diferente gravidade dos feitos. Así, no 28% dos casos esta situación non tivo consecuencias negativas (aspecto máis habitual entre o PDI), mais esta non é a situación maioritaria, posto que en sete de cada dez casos houbo consecuencias máis ou menos negativas: dende ansiedade, angustia etc., ata culpabilidade, deterioración das relacións sociais ou descenso do rendemento profesional ou académico (moito máis común entre o alumnado).

### Como che afectou? (%)



%	Alumnado	PDI	PAS
<b>Non me afectou negativamente</b>	24,7	55,6	29,4
<b>Cambiei de traballo ou carreira/Solicitei un traslado</b>	2,2	0,0	11,8
<b>Consecuencias psicológicas (ansiedade, angustia, baixa autoestima)</b>	31,9	22,2	29,4
<b>Deterioración da saúde física (palpitacións, insomnio)</b>	18,1	14,8	11,8
<b>Culpabilidade</b>	23,2	18,5	17,6
<b>Perda de liberdade ou autonomía</b>	28,9	14,8	23,5
<b>Deterioración das relacións sociais</b>	23,8	18,5	11,8
<b>Descenso do rendemento profesional ou académico</b>	26,2	11,1	17,6
<b>Outras</b>	8,8	7,4	5,9

## 4. PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS DO ESTUDO CUANTITATIVO

Para finalizar este informe, presentamos a seguir algunha das conclusións que se poden tirar del:

- Acoso sexual é un fenómeno que se dá en todos os eidos da sociedade e a universidade non é allea a esta cuestión. Aínda así, a incidencia parece, de entrada, inferior á que se produce noutros ámbitos da vida.
- Definir o acoso sexual é, en principio, relativamente sinxelo, especialmente nun campo teórico, mais a súa definición práctica non está exenta de zonas menos definidas. Un bo exemplo é a cuestión dos piropos sobre os que non hai un consenso claro.
- A UDC é percibida como un contorno seguro e relativamente libre de acoso sexual. O principal problema no plano institucional é que os organismos e as ferramentas de control e apoio fronte a esta cuestión son descoñecidas para gran parte da comunidade universitaria, en especial para o alumnado.
- Preto dun 30% da poboación universitaria oíu falar dalgún caso de acoso. É, pois, relativamente común que se comente sobre as actitudes dalgunhas persoas. A cuestión a este respecto é que o comentario maioritario é que “sábese que isto pasa, pero ninguén fai nada ao respecto”.
- O 8% da comunidade universitaria foi testemuña directa dalgún caso de acoso sexual, pero hai ata un 12% que dubida e non sabe indicar se foi ou non testemuña dun suceso destas características.
- O 35% das persoas que integran a UDC sufriron algún tipo de acoso sexual ao longo da súa vida fóra de universidade.
- A incidencia do acoso sexual sitúase no 5%, se ben hai outro 5% que non sabe dicir se sufriu ou non acoso. Non obstante, un cálculo indirecto estima que case un terzo da comunidade sufriu comportamentos que poden cualificarse como acoso sexual.
- A vítimas son nun 90% mulleres e os acosadores son, en igual proporción, homes. As persoas non heterosexuais e as non binarias adoitan presentar unha maior proporción de acoso.
- Os acosadores adoitan ser PDI, se ben tamén hai unha relevante proporción de acoso entre o alumnado.
- As relacións de acoso adoitan ter un compoñente de verticalidade ou xerarquía que agrava aínda máis a situación e que inhibe en maior medida a denuncia.
- Hai tres grandes tipos de acoso identificados na enquisa:
  - Acoso verbal. De carácter público, adoita producirse na aula ou en espazos comúns. Trátase de presuntas bromas, comentarios de índole sexual, miradas lascivas etc. É un acoso que conta cun maior grao de aceptación e normalización, xa que, aínda que é rexeitado, non se percibe como “perigoso” e non supón denuncias nin actuacións severas para frealo. É o máis abondoso.



- Invasión do espazo persoal. Son actuacións en que o achegamento é maior, pouco sutil e sempre cunha escusa ou alegando casualidade. Acompáñase de rozamentos e tocamientos.
- Agresións físicas e violencia sexual. Danse nunha proporción pequena, pero están presentes na universidade (non necesariamente nos espazos propios da universidade, que tamén, senón entre membros da comunidade).
- As vítimas non atopan comprensión nin perciben que haxa un clima propicio para a denuncia. Cómpre facer un esforzo nesta dirección.

En xeral, pódese afirmar que a situación da universidade non difire da propia sociedade en que se insire, cunha incidencia maior da percibida. Non obstante, é labor da UDC crear, difundir e potenciar as ferramentas de control e apoio para minimizar, aínda máis, o acoso sexual no seu contorno máis directo.



# ESTUDO COMPLEMENTARIO

## INTRODUCCIÓN

Este apartado presentase o resumo dos resultados e principais conclusións obtidas a partires dos traballo realizado cos grupos de discusión.

Optouse por non incluír frases textuais no informe para preservar a intimidade das persoas que participaron nos grupos.

## RESUMO DE RESULTADOS E CONCLUSIÓN

Existe unha dificultade palpable e xeral á hora de atoparmos unha definición do que é acoso sexual, as entrevistadas entran en cuestións subxectivas, como se puidesen existir diferentes definicións e non estivese regulado por lei. Esta problemática ten como risco asociado o feito de que, en moitos casos, as vítimas non sexan capaces de identificar se unha situación, que están a sufrir ou da que están a ser testemuñas, se pode considerar ou non acoso.

Alén disto, esta subxectividade tamén implica que o apoio ás vítimas por parte das persoas que coñecen esa situación non sexa uniforme. En todo caso, esta cuestión ten o potencial de dificultar a sensibilización social sobre o acoso, xa que se o acoso sexual é algo subxectivo, pode a sociedade no seu conxunto identificalo e rexeitalo de maneira firme? O grupo amósase pesimista a este aspecto.

Unha vez abordado o tema da definición de acoso sexual, realízase unha reflexión sobre a existencia de colectivos máis vulnerables e, neste caso, existe un acordo xeral á hora de sinalar o grupo máis proclive a sufrir estas situacións: as mulleres. Ademais, nos grupos de alumnado mencionan tamén colectivos minoritarios onde, novamente, sinálase como acosador, indirecta ou directamente, o xénero masculino. Canto ao grupo de PDI, caracterízase o acoso profesora-alumno como minoritario, mentres que o acoso profesor-alumna se define como maioritario e paradigmático deste fenómeno.

Identifícanse espazos en que hai un maior risco de sufrir violencia sexual ou acoso, como concertos, discotecas, redes sociais etc. Neste senso, no grupo de PDI as titorías virtuais sinálase como un problema, xa que, rompe a barreira do privado, posto que tanto alumnado como profesorado falan desde o seu fogar. Isto exponse como unha situación de risco, xa que non existe unha separación estrita entre o ámbito universitario e o privado, e defínese a esfera privada do alumnado como un ámbito ao que o profesorado non debería achegarse.

As titorías a portas abertas percíbense como un elemento moi positivo, pero tamén se salienta que, con todo, as condutas de acoso poden darse coas portas abertas, debido a que son sutís, fundamentalmente verbais e que é precisamente esta unha das razóns que indica que a prioridade debe enmarcarse na formación

Existe un sentimento de indefensión ante as persoas acosadoras. Aínda que a UDC se define como un ámbito seguro e se describe unha sociedade cada vez máis sensibilizada, existe unha falta de consecuencias formais. Descríbese, nos tres grupos, o caso de profesores que foron partícipes en casos de acoso e que se presentan, por exemplo, a prazas noutras universidades, sen que esta situación implique ningunha consecuencia en materia da súa contratación, incluso tratándose de casos de coñecemento público.

É interesante vermos como as relacións verticais que afectan aos alumnos tamén se dan entre o profesorado, que relatan que os casos de acoso ou comentarios sexualmente inapropiados ou ofensivos, habitualmente proveñen de cargos superiores, ante os cales, a potencial masa crítica do PDI máis novo non quere arriscarse a condenar ou criticar, xa que consideran que pode ter efectos negativos na súa carreira profesional. Este medo ás represalias esténdese tamén entre o alumnado, ao que culpan da súa inacción.

Por outra banda, tamén se sinala entre o profesorado certa falta de sentido de comunidade entre o alumnado. Identifícase correctamente o efecto illante que sofren as vítimas de acoso, pero tamén apuntan a unha certa falta de seguridade entre iguais (referida ao alumnado) como para contar a situación e non ter que afrontala en soidade. Isto maniféstase tamén en certa "denuncia" ou sinalización ao alumnado como pouco contestatario respecto a estas situacións. É dicir, unha parte do PDI apunta a que esta tolerancia cero debe partir fundamentalmente das potenciais vítimas e das súas compañeiras e compañeiros.

O grupo de alumnos e o de alumnas tamén identifican esta falta de apoio entre o grupo de pares, ao manifestaren que a presión de grupo pode derivar en que se tema denunciar publicamente unha situación pola posible incompreensión e críticas ás que poidan enfrontarse posteriormente. De todas formas, sinálase que a universidade debería ter os mecanismos para condenar firmemente este tipo de actos e mesmo se suxire a existencia de persoas externas á propia universidade.

Do mesmo xeito que nos tres grupos son capaces de identificar as relacións verticais típicas da universidade como estruturas de poder que propician non só que se dean situacións de acoso, senón que tamén dificultan a denuncia, tamén presentan como solución preventiva suavizar este sistema de xerarquías creando relacións máis horizontais dentro da universidade, mais, aínda así, este punto sinálase como unha utopía. A solución que se propón desde o grupo de alumnos e o de alumnas é a creación de asociacións feministas de estudantado ás que poder acudir e que sirvan de apoio e acompañamento neste proceso. Ademais, estas asociacións tamén serían útiles para crear campañas que fomenten o apoio entre o colectivo de alumnos da UDC.

Á hora de preguntarlles por recursos fronte ao acoso, o grupo do profesorado sinala de forma espontánea a figura da Valedora Universitaria. En xeral, nos tres grupos saben recoñecer a Oficina para a Igualdade, pero non a identifican de xeito claro como axente chave nesta cuestión. O protocolo contra o acoso sexual descoñéceno. Consideran que non existe unha difusión adecuada dos medios.



Hai unha opinión favorable e unánime respecto á formación específica en materia de igualdade de xénero en todos os niveis, de forma periódica. Maniféstase, con todo, certo escepticismo respecto a determinados contidos (caso, por exemplo, do coñecemento da historia do feminismo). Apúntase máis a unha formación de carácter práctico ou polo menos orientada a describir as formas correctas, non sexistas, de trato entre iguais ou da relación entre profesorado e alumnado.

As campañas informativas e a formación transversal en xénero preséntanse como unha arma clave e fundamental para previr o acoso e, non só iso, tamén para axudar a identificarlo e para que o apoio ás vítimas sexa máis rotundo. Doutra banda, é necesario mellorar a difusión dos recursos existentes na UDC, crear campañas visuais ou audiovisuais e difundilas a través dos medios utilizados polo alumnado, caso das redes sociais, as paradas de autobús etc. O sentimento xeral é o de que esta serie de medidas poden axudar a crear un clima en que as vítimas se sintan lexitimadas e seguras.

Nestes grupos propóñense numerosas medidas co obxectivo de fortalecer o apoio ás vítimas: medios de denuncia anónimos efectivos, asociacións de estudantes que apoiem dende a horizontalidade, psicólogos/as especializados/as en xénero que presten acompañamento, consecuencias reais para as persoas acosadoras etc.

No grupo do profesorado insístese tamén na importancia da diversidade, en potenciar que os equipos departamentais e os postos de responsabilidade alcancen a paridade. Isto indícase, por unha banda, como elemento de referencia para o alumnado, mostrando unha maior diversidade e transmitindo tamén unha mensaxe dunha sociedade máis igualitaria. E, pola outra, estratexicamente, esta maior diversidade contribuiría a construír un ámbito social menos tolerante respecto ás actitudes machistas ou de acoso. Esta diversidade compréndese tanto en termos de xénero como de idade.

## PROPOSTAS PARA A PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN SITUACIÓNS DE VIOLENCIA E ACOSO SEXUAL NA UDC

Unha vez realizado este estudo de diagnose nos tres colectivos (estudiantado, PDI e PAS), maniféstase a necesidade de establecermos unha aposta forte pola análise do seguimento da situación como base para o deseño, aplicación e avaliación de estratexias de prevención e intervención.

A prevención e a intervención en situacións de violencia sexual e acoso na universidade debe estar dirixida necesariamente aos tres colectivos universitarios (alumnado, PDI e PAS), dado que nos tres se producen situacións de este tipo, mais a prevención ha de ser o piar básico e fundamental que debe guiar o traballo que se desenvolva nas diferentes titulacións impartidas na UDC.

A Universidade da Coruña debe traballar para crear espazos seguros e libres de violencias machistas, espazos baseados nos coidados, en que o clima organizacional permita sentirse seguras a todas as persoas.

Cada unha das persoas da comunidade debería tomar conciencia da propia responsabilidade na construción dunha sociedade libre de violencias machistas, comezando por eliminar as violencias sutís e normalizadas, que son as que presentan unha maior tolerancia dentro da comunidade.

Preséntase algunhas das liñas de traballo, que son flexibles, e poderán mellorarse ou enriquecerse ao longo do tempo.

- Difundir e divulgar os resultados do estudo de diagnose. O estudo reforza a necesidade de seguir realizando cursos para as persoas da comunidade universitaria na liña dos que xa se estaban a facer.
- Elaborar estratexias para dar a coñecer a Oficina para a Igualdade de Xénero e mais o Protocolo de acoso, buscando canles de comunicación directas co alumnado e buscando que as vítimas saiban a onde acudir en caso de agresión.
- Elaborar unha guía de boas prácticas para todas aquelas situacións en que non se pode activar o protocolo de acoso, pero existen situacións machistas na comunidade universitaria.
- Diseñar estratexias concretas adaptadas á realidade de cada centro para a prevención de situacións de acoso e violencia machista. Elaborar estas estratexias en colaboración coas representantes de igualdade nos centros e facultades da UDC.
- Continuar coas campañas e cursos de formación sobre acoso e violencias machistas, poñendo especial relevancia na posibilidade de cursos con público cativo para chegar ás persoas que por vontade propia non consideran preciso formarse.
- Seguir coas charlas dentro do plan de acción tutorial sobre igualdade e sobre o protocolo de acoso.

- Proseguir coa formación dirixida a persoas chave na comunidade universitaria para poder orientar a persoas vítimas de violencia.
- Traballar coa Oficina de Cooperación e Voluntariado a posibilidade de crear un voluntariado de xénero que reforce as accións que fai a Oficina para a Igualdade de Xénero e as representantes de Igualdade nos centros.
- Incentivar e apoiar o asociacionismo con perspectiva de xénero ou que traballe no respecto á diversidade sexual.
- Asinar convenios con asociacións e institucións que permitan desenvolver diferentes accións para a prevención da violencia e o acoso sexual.
- Facer público e accesible o código de conduta da UDC nos diferentes taboleiros das facultades e centros co fin de aumentar a súa difusión.
- Mellorar o protocolo de acoso da UDC tendo en conta as limitacións legais que lle afectan na actualidade baixo o Regulamento de disciplina académica dos centros oficiais de ensino superior e de ensino técnico de 1954 pero aproveitando a nova Lei de convivencia universitaria que o substituirá.
- Difundir en todos os contextos posibles unha cultura libre de todo tipo de violencias machistas.
- Introducir para o III Plan de igualdade novas medidas relacionadas con este informe.
- Continuar elaborando estudos e informes que permitan diagnosticar axeitadamente a problemática da violencia e do acoso sexual no contexto universitario para implementar estratexias de prevención e intervención axeitadas.



## FONTES

- Bosch Fiol, Esperanza (2009). *El acoso sexual en el ámbito universitario: elementos para mejorar la implementación de medidas de prevención, detección e intervención*. Instituto da Muller, Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Bosch Fiol, Esperanza. *et al.* (2014). *El acoso sexual en el ámbito universitario: elementos para mejorar la implementación de medidas de prevención, detección e intervención*.
- Cantor, David. *et al.* (2019). "Report on the AAU Campus Climate Survey on Sexual Assault and Misconduct", Harvard University, Cambridge.
- Consello Sueco de Investigacións (2018). *Sexual harassment in academia. An international research review*.
- European Union Agency for Fundamental Rights (2014). *Violence against women: an EU-wide survey*, p. 104.
- Jean Jaures Fondation, Foundation for European Progressive Studies (2019). *European Observatory on sexism and sexual harassment at work*.
- Ferrer-Pérez, Victoria A., Bosch-Fiol, Esperanza (2020). Sexual harassment at a Spanish public university: an examination of victims' experiences by gender and campus status. *Journal of Gender-Based Violence*. 4, 41-58.
- FEMM Committee, Parlamento Europeo (2018). *Bullying and sexual harassment at the workplace, in public spaces, and in political life in the EU*.
- López-Cabarcos, M. Ángeles, Picón-Prado, Eduardo, e Vázquez-Rodríguez, Paula. (2008). Estudio del acoso psicológico en la universidad pública de Galicia. *Revista de Psicología del Trabajo y de las Organizaciones*, 24(1), 41-60.
- Navarro-Guzman, Capilla, *et al.* (2016). "Sexual harassment in the university: analysis of a measurement scale/El acoso sexual en el ámbito universitario: análisis de una escala de medida." *Universitas Psychologica*, vol. 15, nº. 2, p. 371+.
- OIT (2007). *Sexual Harassment at Work*.
- Pina, Afroditi. *et al.* (2009). *An overview of the literature on sexual harassment: Perpetrator, theory, and treatment issues. Aggression and Violent Behavior*.
- Unidad de Igualdad de Género de la UCM. (2018). Estudio sobre el acoso sexual, acoso sexista, acoso por orientación sexual y acoso por identidad y expresión de género en la UCM.

UNWOMEN (2019). *Facts and figures: Ending violence against women*. Disponible en:  
<https://www.unwomen.org/en/what-we-do/ending-violence-against-women/facts-and-figures#notes>

